

Ecologismo radical

A natureza como cuestión política

 MARUXA GESTOSO ÁLVAREZ

Teresa Moure volve á escena literaria con *O natural é político*, un ensaio provocador destinado a remexer consciencias co fin de por en cuestión o status quo no que estamos instalados desde o noso sistema económico e, xa que logo “provocar unha mudanza fundamental nos valores de produción e consumo.”

A autora do Premio Xerais de Novela 2005 recolle neste volume que traemos a FARO DA CULTURA o vello eslogan feminista para lembrar que o problema ecolóxico é, ante todo, unha cuestión política de primeira orde

e que nos atinxe a to-

dos; en consecuencia, como tal debe ser tratada, máis aló das solucións hipócritas e superficiais coas que esta problemática se resolve desde as entidades administrativas.

non deveza por ser industrializado e que plantexe outra relación entre ser humano e a natureza. Porque esta ten valor de seu, e como fin nela mesma, así debemos tratala.

É desde este punto de vista desde onde a autora establece unha diferenza fundamental entre medioambientalismo e ecologismo, ou se se quere, entre un conxunto de prácticas “eslamiadas” e unha toma de postura radical. Reciclar, tentar da billa de auga e outras medidas similares non son máis que parches. Porque a auga que botamos pola cisterna é só unha anécdota cando estamos inmersos nun sistema que nos anima a consumir, mercar, tirar e

nela habitan coma mercadorías: o consumo de carne, tratado tamén como problema político debido ao enorme gasto de recursos naturais que supón; o tema dos transxénicos e a súa manipulación polo capital; os medos ás epidemias cos que ás veces se nos ameaza desde os medios de comunicación –véxase, por exemplo, o caso da gripe aviaria e a súa repentina “desaparición” do panorama informativo.

Este é o momento, pois, de amosar unha verdadeira conciencia ecolóxica, unha aposta polo que Arne Naess denominou *ecoloxía profunda*. É o momento de propormos unha nova Filosofía da Natureza, que esqueza o dominio do home –varón, segundo a tradición bíblica e grega da que bebe o mundo occidental– sobre á natureza. Estamos na de lembrar a nosa animalidade, o noso sermos unha parte máis do mundo, pero non por iso a decisiva ou gobernante. E de aí, unha nova Ética e unha nova Estética, que plantexen novos retos e novos modelos de desenvolvemento. Todo isto, en opinión da autora, lonxe da Unión “económica” europea, construíndo unha Galiza que, por que non? podería ser potencia ecolóxica, e para a que Moure plantexa propostas concretas como implantación de ecotaxas, a nacionaliza-

ción das fontes de enerxía e a aposta polo ferrocarril –que non a alta velocidade– como transporte colectivo. Todo isto ilustrado con fermosos contos, unha homenaxe ao subcomandante Marcos e ás aportacións de movementos como o feminismo e a chamada “kultura” alternativa.

UNHA DECIDIDA
APOSTA POLA
ECOLOXÍA
PROFUNDA, POR
UNHA NOVA
FILOSOFÍA DA NATUREZA

dos; en consecuencia, como tal debe ser tratada, máis aló das solucións hipócritas e superficiais coas que esta problemática se resolve desde as entidades administrativas.

O natural é político promove unha revolución. Non unha revolución verde, xa que cando se fai do verde unha moda, as fources do sistema convérteno nunha mercadoría máis, baixo a cal vender uns produtos supostamente ecolóxicos. Non é iso: trátase dunha verdadeira revolución, a construción doutro mundo posible, doutra Galiza posible. Un mundo que

volver mercar; porque a produción sobrepasa todos os límites desexables e a deforestación e o esgotamento dos recursos son un feito. É por iso que estas son accións interesantes, pero claramente insuficientes. É preciso achegarnos á raíz do problema se se queren verdadeiras solucións.

Neste intento, o texto repasa algunhas cuestións candentes e controvertidas por tratarmos a natureza e os seres que

MOURE, Teresa, O natural é político, Ed. Xerais, Vigo, 2008, 215 páxinas.

